

CONDICIÓN XERAIS DO CONTRATO DE ASISTENCIA EN VIAXE SUBSCRITO ENTRE VUELING E EUROP ASSISTANCE

SEGURO DE EQUIPAXES

CONTRATO N.º 5E5

ASEGURADOR

EUROP ASSISTANCE ESPAÑA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS (en adiante, **EUROP ASSISTANCE**), que asume o risco definido no presente Contrato.

TOMADOR DO SEGURO

Persoa física ou xurídica que subscribe este Contrato co Asegurador e ao que lle corresponden as obrigas que se deriven deste mesmo, a excepción daquelas que, pola súa natureza, deba cumprir o Asegurado.

ASEGURADO

Persoa física **con Domicilio habitual en calquera país europeo**, relacionada nas Condicións particulares, que contrate un voo con **VUELING** e que lle sexa comunicado a **EUROP ASSISTANCE**.

ACCIDENTE

Lesión corporal ou dano material sufrido durante a vixencia do contrato, que derive dunha causa violenta, súbita, externa e allea á intencionalidade do Asegurado.

EQUIPAXE

Conxunto de roupas e utensilios propios para o uso e a hixiene persoais necesarios no transcurso da viaxe, contidos no interior da/s maleta/s.

ROUBO

Subtracción de bens mobles alleos, por medio de violencia, intimidación das persoas ou forzando as cousas roubadas.

FURTO

Subtracción de bens mobles alleos, sen que haxa violencia ou intimidación das persoas e sen forzar as cousas furtadas.

OBXECTO DO CONTRATO

Ofrecer unha garantía contra as consecuencias daqueles riscos cuxas coberturas se especifican no presente Contrato e que se produzan como resultado dun feito fortuíto **no transcurso dunha viaxe** fóra do Domicilio habitual, dentro do Ámbito territorial cuberto e cos límites indicados neste. As garantías do contrato deixarán de producir efecto unha vez finalizada a viaxe e logo de que o Asegurado regrese ao Domicilio habitual.

DURACIÓN

As garantías prestaranse para os desprazamentos incluídos no billete de avión contratado con **VUELING**.

DOMICILIO HABITUAL

Enténdese por Domicilio habitual do Asegurado o localizado en calquera país europeo que se faga constar na contratación do voo.

ÁMBITO TERRITORIAL

A asistencia será válida no ámbito de todo o mundo.

Exclúense, en todo caso, aqueles países que, aínda que estean incluídos no Ámbito territorial contratado, se atopen en estado de guerra, insurrección ou conflitos bélicos de calquera clase ou natureza durante o desprazamento, aínda que estes non se declarasen oficialmente. Neste caso, EUROP ASSISTANCE reembolsará aqueles gastos cubertos e debidamente xustificados mediante a factura orixinal acreditativa.

TRÁMITES EN CASO DE SINISTRO

En caso de que se produza un feito que poida dar lugar á prestación dalgunha das garantías cubertas no contrato, será requisito indispensable a comunicación inmediata do sinistro a través dunha chamada ao 902 110 495 desde España, ao 34 91 514 00 10 desde o estranxeiro, un fax ao n.º 91 514 99 50 ou outro medio que deixe constancia da comunicación do dito sinistro. De non ser así, quedarán expresamente excluídas, con carácter xeral, aquelas prestacións que non lle fosen comunicadas previamente a EUROP ASSISTANCE e a aquelas para as que non se obtivese a autorización correspondente.

En caso de forza maior que impida realizar este aviso, deberá efectuarse inmediatamente despois de que cese a causa que o impida.

Unha vez establecido o contacto, o Asegurado indicará: **nome e apelidos, lugar no que se atopa e teléfono de contacto**, e informará das circunstancias do sinistro e do tipo de asistencia solicitada.

Unha vez recibida a notificación, **EUROP ASSISTANCE** dará as instrucións necesarias para que se preste o servizo requirido. En caso de que o Asegurado actúe de forma contraria ás instrucións dadas por **EUROP ASSISTANCE**, **os gastos derivados do devandito incumprimento serán por conta del.**

PARA O REEMBOLSO DE CALQUERA GASTO, PODERÁ DIRIXIRSE A WWW.EUROP-ASSISTANCE.ES, ONDE PODERÁ ACCEDER A “TRAMITACIÓN EN LIÑA” PARA CREAR A SÚA PROPIA SOLICITUDE DE REEMBOLSO E FACER O SEGUIMENTO DO TRÁMITE, OU AO APARTADO DE CORREOS 36316 (28020 MADRID). EN TODOS OS CASOS SERÁ INDISPENSABLE PRESENTAR AS FACTURAS E OS XUSTIFICANTES ORIXINAIS.

TRÁMITES EN CASO DE QUEIXA POR PARTE DO ASEGURADO

EUROP ASSISTANCE pon á disposición dos Asegurados un servizo de reclamacións cuxo regulamento pode consultarse na páxina web www.europ-assistance.es. Poderán presentar queixas aqueles tomadores, asegurados, beneficiarios, terceiros prexudicados ou habentes-cause de calquera dos anteriores, na sección "Defensa do cliente" da web, ou ben dirixíndose por escrito ao Servizo de Reclamacións:

Enderezo: Servicio de Reclamaciones
Calle Orense, 4 - Planta 14
28020 Madrid

O devandito servizo, que funciona de forma autónoma, atenderá e resolverá nun prazo máximo de dous meses as queixas escritas dirixidas a el directamente, en cumprimento da Orde ECO/734/2004, do 11 de marzo, e da Lei 44/2002, do 22 de novembro.

Unha vez esgotada a vía do Servizo de Reclamacións, o reclamante poderá formular a súa queixa ante o Comisionado para la Defensa del Asegurado y del Partícipe en Planes de Pensiones (adscrito á Dirección General de Seguros y Fondos de Pensiones), cuxo enderezo é:

P.º de la Castellana, 44
28046 Madrid
www.dgsfp.mineco.es/DGSFP/Comisionado/

SUBROGACIÓN

EUROP ASSISTANCE subrógase, ata o total do custo dos servizos prestados por ela, nos dereitos e accións que lle correspondan ao Asegurado contra toda persoa responsable dos feitos e que motivasen a súa intervención. Cando as garantías realizadas en execución do presente Contrato sexan cubertas en todo ou en parte por outra entidade aseguradora, pola Seguridade Social ou por calquera outra institución ou persoa, **EUROP ASSISTANCE** quedará subrogada nos dereitos e accións do Asegurado fronte á citada compañía ou institución.

Para estes efectos, o Asegurado está obrigado a colaborar activamente con **EUROP ASSISTANCE**, a prestar calquera axuda ou a outorgar calquera documento que considere necesario.

En calquera caso, **EUROP ASSISTANCE** terá dereito a utilizar ou a solicitar por parte do Asegurado a entrega do título de transporte (billete de tren, avión, etc.) que este posúa, cando os gastos do regreso corran a cargo de **EUROP ASSISTANCE**.

RESPONSABILIDADE

En caso de que ocorra un sinistro, EUROP ASSISTANCE non asumirá ningunha responsabilidade respecto das decisións e actuacións que adopte o Asegurado e que sexan contrarias ás súas instrucións ou ás do seu servizo de asistencias.

LEXISLACIÓN E XURISDICIÓN

O Asegurado e **EUROP ASSISTANCE** sométese á lexislación e á xurisdición españolas para os efectos do presente Contrato. Será xuíz competente para o recoñecemento das accións derivadas do contrato o do Domicilio habitual do Asegurado.

LÍMITES GARANTIDOS

As contías económicas que figuran como límite en cada unha das prestacións deste Contrato enténdense como importes máximos acumulables durante a viaxe.

GARANTÍAS CUBERTAS

1. Busca e localización de equipaxes

En caso de que o Asegurado sufra unha demora ou a perda da súa equipaxe, **EUROP ASSISTANCE** asistiraon na busca e localización desta e asesoraraon en termos de xestión para interpoñer a denuncia correspondente. Se se localiza a equipaxe, **EUROP ASSISTANCE** enviaraa ata o Domicilio habitual do Asegurado, sempre que a presenza do propietario non sexa necesaria para a súa recuperación.

2. Perda, danos ou roubo da equipaxe

Se no transcurso dunha viaxe se perde definitivamente a equipaxe facturada ou sofre unha deterioración grave, por causa imputable á empresa transportista, **EUROP ASSISTANCE** garante o pagamento como indemnización **de ata 60 euros por obxecto e ata un máximo de 600 euros por maleta facturada.**

Para poder acceder á indemnización, deberá acreditarse a perda ou o dano producido mediante o xustificante orixinal facilitado pola empresa transportista.

En caso de roubo da equipaxe, será indispensable a presentación da correspondente denuncia formulada ante a autoridade competente no lugar dos feitos, xunto coa reclamación ante o establecemento público, se o roubo se produciu neste.

En todos os casos será necesario presentar unha relación detallada dos obxectos roubados, perdidos ou danados, **así como a tarxeta de embarque orixinal.**

Non se indemnizarán de forma independente as partes integrantes ou accesorios dun obxecto. Quedan excluídos deste punto o furto, o simple extravío, os cartos, as xoias, os equipos electrónicos e dixitais, os documentos e o roubo de equipaxes ou obxectos persoais que se atopen en vehículos ou tendas de campaña.

3. Demora da equipaxe

Se a demora na entrega da equipaxe facturada, por causa do transportista, é superior a 12 horas, reembolsaranse os gastos pola compra de artigos de uso persoal necesarios no lugar onde se produciu a demora. Para tal fin, deberán presentarse as facturas orixinais correspondentes, a tarxeta de embarque orixinal, así como o xustificante orixinal da demora expedido pola compañía transportista. Este reembolso **poderá chegar ata 50 euros por cada 12 horas de demora e terá un límite máximo de 300 euros.**

No caso de que se produza a perda definitiva da equipaxe, esta indemnización poderá deducirse da que corresponda, ao abeiro da prestación "Perda, danos ou roubo da equipaxe".

Se a demora ou a compra de artigos de uso persoal necesarios se producen na provincia na que o Asegurado ten o seu Domicilio habitual, esta garantía non corresponderá.

4. Perda ou roubo do pasaporte durante unha viaxe no estranxeiro

Quedan cubertos, **ata un máximo de 300 euros**, os gastos de xestión e obtención, debidamente xustificados, ocasionados pola substitución que o Asegurado deba facer con motivo da perda ou do roubo do pasaporte que ocorra durante unha viaxe ou estada no estranxeiro.

Non están suxeitos a esta cobertura e, polo tanto, non se indemnizarán, os prexuízos derivados da perda ou do roubo do pasaporte ou do seu uso indebido por parte de terceiras persoas.

5. Cancelación de tarxetas por perda ou roubo

Este punto ten por obxecto poñer en coñecemento o roubo, o furto ou o extravío de tarxetas bancarias e non bancarias emitidas por terceiras entidades en España ou Portugal para proceder á súa cancelación, a pedimento do Asegurado e no menor tempo posible.

Para tal fin, o Asegurado deberá facilitar persoalmente os seguintes datos: DNI, tipo de tarxeta e entidade emisora.

En calquera caso, será necesario presentar a denuncia correspondente ante as autoridades competentes.